

Actividades

rodeira



LER
PARA
SABER



1. Completa a ficha bibliográfica do libro:

Título:
Autor/a:
Ilustrador/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. O relato

Narrar é contar unha serie de accións que lles ocorren aos personaxes no espazo e no tempo. A partir do que liches, escolle a opción correcta e razoa a túa resposta.

O xénero do texto é:

- Realista
- Cómico
- Teatral
- Fantástico

O narrador é:

- Un narrador omnipresente que conta a historia desde fóra
- Un narrador en primeira persoa que é o protagonista
- Distintos narradores segundo os capítulos
- Non hai narrador

O tempo gramatical exprésase en:

- Pasado
- Presente
- Futuro
- Ningún dos anteriores

3. O vocabulario

Deseguido hai unha listaxe de palabras que aparecen nos primeiros capítulos do libro. Se non as coñeces, busca o seu significado e constrúe unha frase con cada unha delas.

CALAFRÍO:

TESO:

ÉXODO:

BARRELA:


PREGUICEIRO:

CABEZAL:

4. Os personaxes

En todas as historias hai distintos tipos de personaxes: os principais, os secundarios e os terciarios. A partir da descrición, completa o seguinte encrucillado cos nomes dos personaxes.

1. Apelido da señora da casa onde vivían os Cascudiño
2. Señora da limpeza da casa dos Cascudiño
3. Nome do protagonista
4. Cascuda protagonista da familia dos Blattella
5. Gato da señora Atril
6. O papagaio da señora Atril
7. Propietario do hotel Apolo
8. Xeneral do cuarto 43
9. Sobriño da señora Atril



5. A morte e os sentimentos

No segundo capítulo, a señora Atril morre mentres dorme na súa cama. Ivo sente moita pena e chora.

- * Viviches algunha situación semellante?
 Cal foi a túa reacción?
 Que sentimento tiveches?

6. A fumigación e a hecatombe

Despois da morte da señora Atril, a súa sobriña e o seu marido querían ir vivir á súa casa, pero cando descubriron que había cascudas e outros insectos decidiron fumigar toda a casa antes de facelo.

Buscar información sobre o proceso de fumigación dunha vivenda.

* Como se fai unha fumigación nunha casa?

* Que produtos se utilizan?

* Que máquinas se utilizan?

* Canto dura o proceso?

* Cantos días deben pasar antes de vivir na casa?

* Cales son as consecuencias dunha fumigación?

* Cal é a relación na historia entre unha fumigación e unha hecatombe?

7. O éxodo

Os membros da familia Cascudiño comezaron o éxodo porque se viron obrigados e deixaron atrás o que fora o seu fogar.

* Con que dificultades se enfrontaron durante a viaxe?

* Que trato tiveron que facer para poder seguir o seu camiño?

* Onde se dirixían?

* Cal era a súa esperanza?

* Cando chegaron ao sitio, como se sentían?

8. A misión de recoñecemento

O xefe de familia pediulle a Ivo que saíra polo hotel nunha misión de recoñecemento.

* Cal era a misión? Conta coas túas palabras que tiña que facer Ivo.

9. Verdadeiro ou falso

Responde os seguintes fragmentos cun V se son verdadeiros ou un F se son falsos.

- A vida de Ivo na casa da señora Atril era tranquila, agradable e divertida.
- Nofre era un gato novo e alegre que nunca tiña preguiza e encantáballe cazar ratos.
- A señora Atril tiña a casa limpa coma unha patena; de feito, a muller da limpeza era extremadamente ordenada.
- A familia Cascudiño fuxiu da casa polos sumidoiros.
- Ramiro e Gustavo ofrecéronse voluntarios e sacrificáronse en beneficio da familia.
- Ivo e Max fixéronse amigos cando se coñeceron.
- O hotel Apolo era o mellor da cidade e o mellor coidado.
- O xeneral Landulfo gravaba as súas batallas cun micrófono.

10. O xeneral Landulfo

Observa ben a imaxe e fai unha descrición do xeneral Landulfo de acordo co que ves.



II. A patria

- * Volve ler as palabras do pai de Ivo ao seu fillo:

«A patria pode ser moi bonita ou pode ser unha desgraza, segundo como o mires —díxome—. A patria é o lugar onde naceron os teus pais e os teus avós, e está moi ben cando un pensa: «Eu tamén nacín aí e, polo tanto, é a miña casa». A patria vólvese máis doce cando a estrañas na distancia, cando te afastaches dela. Soñas con ela e gardas mil recordos. Pero a patria pódese converter nunha monstrosidade se pensas que é un lugar que só che pertence a ti e aos que son coma ti. Daquela deixa de ser algo doce para se transformar en algo agre e feo.»


- Por que cres que lle dá esta explicación?
- Que cres ti que é a patria? Pensas coma os Blatta ou coma os Blattella?
- Por que? Razona a túa resposta.

- * Comparte a túa resposta cunha parella que contestase doutra forma sobre o que pensa que é a patria e comentade as vosas opinións.

12. Iguais pero diferentes

No libro faise unha especie de comparación entre as cascudas Blatta e as Blattella.

Busca información sobre as características destas dúas especies e fai unha comparativa.



A photograph of a dark brown cockroach (Blatta) is shown inside a circular frame with a red dotted border. The frame is positioned at the top right of a grey, tab-like form.


NOME CIENTÍFICO

TAMAÑO/FORMA

COR

ALIMENTACIÓN

REPRODUCCIÓN



A photograph of a smaller, lighter brown cockroach (Blattella) is shown inside a circular frame with a red dotted border. The frame is positioned at the top right of a grey, tab-like form.

NOME CIENTÍFICO

TAMAÑO/FORMA

COR

ALIMENTACIÓN

REPRODUCCIÓN

- * Cres que son iguais ou diferentes? Por que?

13. A canción

Cando chegaron ao hotel a primeira noite, despois de comer e descansar, a tía Hortensia Cascudiño comezou a cantar unha canción que a miúdo cantaba despois de comer.

- * Recordas algunha canción que sempre canta ou cantaba algún membro da túa familia? Se non a lembras, pregúntalles aos teus familiares máis achegados.
- * Escribe un anaco da canción; pode ser a que máis che guste ou a que penses que é máis coñecida. Terás que ensinala ao resto da clase, e podes usar varias opcións:
 - Cantala ti mesmo/a
 - Gravar alguén que a cante
 - Reproducila mediante algunha aplicación

14. As emocións

Durante a lectura do libro seguro que viviches distintos momentos que che produciron distintas sensacións.

Explica algún fragmento do libro que che parecese:

- EMOCIONANTE:

- TRISTE:

- DIVERTIDO:

- ANGUSTIOSO:

15. A amizade

Pensa en Ivo e Max.

- * Como é a súa relación nun primeiro momento, cando se coñecen?

- * Como é a súa relación ao final da historia?

- * Por que cres que cambiou?

* Que teñen en común?

* Tes algún amigo que cando vos coñecestes non vos aturabades? Explica como evolucionou a vosa relación.

16. O hotel Apolo

Na páxina 145 hai unha ilustración da entrada do hotel Apolo onde podemos ver que é un hotel de 5 estrelas.

* Os hoteis cualifícanse segundo as estrelas que teñan. Busca información para poder explicar que requisitos necesitan os hoteis para obter as 5 estrelas.


* Actualmente consideras que este hotel é digno de ter 5 estrelas?
Por que?

17. Campaña antipragas

Cando Ivo e Max van ao concello para ver a exposición, ven que hai un letreiro ao lado da porta cunhas letras vermellas moi grandes coa frase «ATENCIÓN, CAMPAÑA ANTIPRAGAS», e abaixo está a explicación do que se fará nesta campaña.

Se tiveses unha empresa para combater pragas de insectos e necesitases anunciarte, como o farías?

- * Escribe e debuxa un cartel coa publicidade que che pareza máis interesante.



18. Os capítulos

Este libro divídese en 10 capítulos. Deseguido tes que cambiar o título dos capítulos para personalizalos máis.

Recorda que un título debe facer referencia ao contido. Animámoste a ser creativo e poñer toda a túa imaxinación!

1. Cando eramos felices

2. O triste domingo

3. O réxime do terror

4. O éxodo

5. O hotel Apolo

6. O cuarto 43 e o xeneral Landulfo

7. A primeira noite

8. Exploracións en solitario e Max Blattella

9. Novos tempos no hotel Apolo e a exposición

10. Un final que non é un final

19. O final

Hai moitas maneiras de rematar unha historia, polo que agora tes que inventar un final diferente para este libro.

- * Continúa a historia na última páxina, desde o momento no que o pai di: «Todo o mundo está listo? Imos logo!»

20. A crítica literaria

Fai unha valoración crítica da novela que acabas de ler.

- * Gustouche? Razo a túa resposta.

- * Leras algunha vez unha novela sobre animais? Cal?

- * Recomendaríaslles este libro aos teus amigos e amigas? Razo a túa resposta.